

COMING TO TERMS

Jon Jost, 2012

1205

ESTREA EN NUMAX: 05.11.2023 | V.O.S.E.

Nunha reunión familiar un pai, protagonizado polo cineasta experimental James Benning, comunica unha importante decisión. A familia nun inicio oponse, pero finalmente acordan apoialo ata o fin.

"Ao facer este filme tentei abordar un tema axeitado para alguén da miña idade: a morte e o seu impacto social. Quería descartar calquera convención narrativa no tocante á linguaxe cinematográfica e ir directamente ao núcleo emocional do asunto. Aínda que non sexa evidente en principio, o filme pretende ser un retrato dunha familia máis grande: a dos Estados Unidos" (Jon Jost)



Un sentido trágico de América

Por Jonathan Rosenbaum

En *Coming to Terms* o exquisito cinema de Jon Jost, coa súa textura visual presta á meditación, encóntrase cun sentido trágico de América como un país que está a perder a súa alma. Algo que, para min é, de feito, a característica máis importante do seu cinema. Mesmo podería dicirse que a xeoloxía e a psicoloxía se encontran no mesmo terreo devastado. Un mundo estragado que todos neste país habitamos actualmente.

Trátase dun filme extraordinario, con imaxes e transicións de gran beleza e intensidade. O que máis valoro é o feito de fose realizado dixitalmente pois emprega o medio dun xeito que non sería posible en fílmico. Sobre todo, mostra como o dixital fai posible unha configuración distintiva do tempo, nun modo que non é nin virtual nin real, senón como unha percepción inmediata do tempo converténdose en imaxe.

A enerxía do espazo e do tempo

Por Bernard Eisenschitz

Coming to Terms é un título que podería aplicarse a todos os filmes de Jon Jost. A simetría das historias de vida que xiran arredor dun eixo podería ser a condición para aceptar o caos da vida. Só o cinema podería achegarnos tal sentimento. Empezando polo primeiro, cada filmación é unha sorpresa. Espazo e tempo, cada un ten a súa propia enerxía.

Ao mirar as casas de Montana, vénme á mente a fotografía documental estadounidense, desde Walker Evans até Lewis Baltz. Pero o filme de Jon Jost é unha epopea e non un documental. Unha epopea que se crea con elementos moi simples. Observamos lentos cambios nun rostro, nunha paisaxe, na luz.

É unha epopea porque fala de segredos e mentiras, de lazos familiares. A cada un o seu: pasado, demos, revelacións. A natureza, os espazos baleiros, poderíanse converter en calquera momento en escenarios de crime ou violencia, como xa sucedeu noutros filmes de Jost. Todo podería tamén resultar diferente do agardado, agás que as casas, os sons e as montañas recordan que non podería ser así. É unha cuestión de percepción, de suspenso na percepción. Producido polo movemento e o son, polo fóra de campo, polas cousas non ditas ou non vistas.

Como dar conta do real? Como mostrar que a realidade podería ter sido diferente? O espectador perplexo ten que se preguntar que ve, cal é o estatus da realidade nestas imaxes. Ten que cuestionar a realidade mesma.

Cos seus fundidos invisibles, está Jon Jost a exorcizar os pesadelos dos Estados Unidos ou os seus propios? Se non pagase a pena facerse esta pregunta non habería filme.